



## NOTA AOS MEDIOS

### O PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DA XUNTA CONTINÚA AS MOBILIZACIÓNS PARA RECLAMAR UN NOVO ACORDO

*Luns 29 de xuño de 2020.* A pesar de que o período de alto risco de lumes comeza este 1 de xullo, a Xunta de Galicia carece aínda de estratexia e de plan de traballo para as persoas encargadas de coordinar a loita contra os incendios forestais no noso país.

As organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT ante o nulo avance das negociacións dun novo acordo que regule as condicións de traballo do persoal técnico de incendios forestais da consellería do Medio Rural continuaron hoxe coas mobilizacións diante da consellería do Medio Rural na que se celebrou unha concentración e unha asemblea de todo o persoal empregado público afectado.

Nesta asemblea acordáronse novas medidas de presión e denuncia da ausencia de estratexias de funcionamento do servizo de incendios da consellería de Medio Rural co persoal que coordina e xestiona a defensa contra os incendios forestais da Galicia.

Cun acordo de condicións de traballo do ano 2008 desfasado polos cambios na consellería, distribución de persoal e condicións de xestión do monte e bioclimáticas actuais non temos asegurada a capacidade de resposta do sistema e do cadro de persoal ante unha situación tan difícil como son os incendios forestais o que deixa desprotexido o servizo público. Este acordo foi denunciado polas catro organizacións sindicais o 30 de agosto de 2019, despois de tentar a súa modificación desde maio de 2018, xa que contradí varios preceptos da normativa laboral, polo que reclamamos un **NOVO ACORDO** que dea como mínimo solución aos seguintes conflitos:

- Aumentar o cadro persoal para garantir os descansos legais establecidos sen afectar negativamente aos servizos públicos de prevención e extinción de incendios forestais e de planificación e ordenación forestal.
- Redución do horario anual que supera as 2000 horas (moi por riba do debido).
- Regulación do traballo en fins de semana, festivos, gardas e descansos compensatorios e garantir 15 días de vacacións no verán.
- Distribución da carga de traballo e maior organización entre a xestión de montes, a prevención e loita contra incendios forestais e a xestión do persoal adscrito aos distritos forestais.
- Eliminar a dispoñibilidade absoluta dos xefes de distrito e establecer un/ha segundo xefe/a de garda por distrito forestal.
- Segunda actividade e coeficiente reductor para os maiores de 60 anos.

Xabier Bruña García, CIG (617 081 373)

Jose Manuel Zapata Fernández, CCOO (686 837 606)

Juan Francisco Losada Sanz, CSIF (608 259 412)

Ramón Rozadillas Valverde, UGT (679 959 534)